Co-funded by the
Europe for Citizens Programme
of the European Union

ERN 4mob

CONCELLO DE VIMIANZO

# CALL FOR PAPERS

## Congreso Internacional

## "Emigración e inmigración por razóns laborais no rural da Unión Europea".

Vimianzo, do 4 ao 6 de outubro de 2017.

Este congreso internacional enmárcase no proxecto europeo **ERN4mob – European Rural Network for Job Mobility**, pertencente ao programa Europa cos Cidadáns 2014-2020 que ten como obxectivo principal conectar as persoas de diferentes países da Unión Europea e máis alá da Unión que viven conxuntamente nas mesmas comunidades locais, para sensibilizar acerca dos seus valores e necesidades comúns, así como para promover o empoderamento das súas diferenzas sociais e multiculturais, a través da creación dunha rede de municipios rurais europeos para a mobilidade laboral que funcione a favor da integración social e laboral da cidadanía, co fin de lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador da Europa rural 2020.

O Concello de Vimianzo, líder do proxecto, quere rematar o proxecto que deu comezo en xaneiro de 2016 organizando este evento internacional que acolla aos diferentes actores sociais implicados nas migracións e promovendo a participación dos demais socios europeos (Polonia, Portugal, Reino Unido, Italia e Eslovaquia).

A **Universidade da Coruña** (UDC) colabora coa organización deste Congreso Internacional a través do **Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI – www.esomi.es),** grupo de investigación experto en materia de migracións, radicado na Facultade de Socioloxía.

## CONTRIBUCIÓNS

Tipo de participación: Comunicación e póster.

Tema: Emigración - Inmigración - Refuxio.

Resumo comunicacións: 200 palabras máximo.

Medida poster: DIN A3.

Dirección de envío dos resumos: congreso@vimianzo.gal

**Data límite: 15/09/2017.**

Máis información: http://www.vimianzo.gal/ern4mob/

**Entregarase certificado de participación e asistencia.**

Obra Social "la Caixa"

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

esomi
equipo de sociología de las migraciones internacionales

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD

Género, movilidades cruzadas y dinámicas transnacionales. (FEM2015-67164-R).